

# Crear e restaurar copias de seguridade


- Os temas que crees no EVA para cada materia **son "eliminados unha vez remate o curso"**, é dicir cando comece un novo curso terás as materias en branco co novo alumnado.
- **Para non perder o traballo feito, e poder usalo o seguinte curso, deberemos LEMBRARNOS de facer unha copia de seguridade que logo restaurar na nova materia en branco.**
- As copias de seguridade que fagamos quedarán "gardadas" no EVA para "sempre", aínda que tamén poderemos descargarlas nun arquivo comprimido, con esta copia que teremos no noso ordenador poderemos:
  - restaurala no EVA (do mesmo modo que coa copia que estea gardada no propio EVA)
  - restaurala na "aula virtual do centro" (ou en calqueira outro Moddle)

## Crear unha copia de seguridade

- Escolle no menú lateral dereito, cando esteas dentro da materia que queiras copiar, a opción "copia de seguranza".
- Na seguinte pantalla deixamos as opcións tal como están e prememos o botón "seguinte"
- Escolleremos logo que temas queremos copiar (por defecto aparecerán marcados todos), posto que podemos facer unha copia completa de toda a materia ou só dalgúns elementos en concreto e imos seguindo os diferentes pasos.



- Veremos unha última pantalla de confirmación aquí "é moi importante" indicar un "nome para a nosa copia" para que logo poidamos localizala entre a lista de copias que teremos



- Cando estea todo listo prememos “crear copia de seguranza”.
- Un gráfico animado indicará o proceso de copia ata que este remate.

## Onde están as miñas copias de seguridade?. Como as descargo? as restauro?

- Unha vez creadas, podes ver as túas copias de seguridade no apartado “restaurar” que atoparás no menú dereito cando esteas dentro dunha materia. Alí verás a lista de copias de seguridade que teñas feitas de tódalas materias ó longo dos diferentes cursos. De ahí a importancia de indicar nomes que se lembren logo.



- Poderás desde este apartado:
  - Descargar unha copia de seguridade ó teu ordenador “premendo o botón baixar”
  - Restaurar unha copia de seguridade na materia na que te atopas, premendo o botón “restaurar”. **Reemplazará o que conteña a materia nese momento polo contido da copia de seguridade.**
  - Restaurar unha copia de seguridade que teñas no teu ordenador arrastrándoa ó apartado correspondente. **Reemplazará o que conteña a materia nese momento polo contido da copia de seguridade.**

Nas copias de seguridade non se inclúen os elementos introducidos das editoriais coas súas modificacións, para evitar que poidan descargarse, nestes casos, segundo a editorial, son eles os encargados de manter esas versións dun curso para o seguinte

## Como recupero as copias no curso seguinte? Como as uso noutra materia diferente?

- Tal como comentamos, as copias de seguridade quedan gardadas nun “banco persoal” polo que sempre poderemos restaurarlas entrando na materia onde queiramos “recuperala” e premendo a opción restaurar tal como se indicou anteriormente. Isto tamén se aplica se queres “restaurar” unha copia de seguridade nunha materia diferente.

Lembra que o proceso pode facerse tamén a partir dunha copia descargada que subas, na opción correspondente.

## Banco de preguntas e banco de contidos

Nas copias de seguridade tamén se engadirán o banco de preguntas e o banco de contidos.

Se queremos facer unha copia só do banco de contidos ou do banco de preguntas, actuaremos do mesmo xeito que se queremos facer a copia só un

dun tema, escollendo unicamente a opción “banco de preguntas” ou “banco de contidos” cando comecemos a crear a copia de seguranza.